

ONG Mestura celebra 20 anos de acción e compromiso pola inclusión social de persoas migrantes

- *Dúas décadas traballando pola inserción sociolaboral, a mediación intercultural e a sensibilización educativa sobre o feito migratorio e a igualdade de xénero, especialmente, mulleres e mocidade en risco de exclusión ou vulnerabilidade no Consorcio das Mariñas.*
- *Dende a creación da ONG en 2003, o número de intervencións foi claramente ascendente, atendendo de xeito regular a máis de 500 persoas de 30 países de todo o mundo, principalmente, provenientes de América Latina e África.*
- *A partir da pandemia, agravouse a situación das usuarias e usuarios, que pasaron de ter carencias puntuais á necesidade de acompañamento continuado, sendo a inflación dos últimos anos unha das razóns que dificultan o acceso á cobertura das súas necesidades básicas.*
- *Coidar a saúde mental é unha das prioridades actuais, especialmente, para favorecer a súa inclusión social, intervindo nos estresores continuados aos que se teñen enfrontado as familias dende a súa chegada a Galicia.*
- *A organización abre unha nova etapa cunha programación especial ao longo de 2024 para contribuír no debate dunha nova política de migración, onde sobre todo se escoiten ás persoas migrantes, as verdadeiras protagonistas e axentes do cambio.*

Culleredo, 19 de decembro – ONG Mestura está de celebración co 20 aniversario da entidade, dúas décadas traballando pola inclusión social, orientando, informando e acompañando as persoas migrantes na Área Metropolitana da Coruña, a Mancomunidad de Ordes e a Comarca de Betanzos. A inserción sociolaboral, a mediación intercultural e a sensibilización polo feito migratorio e a igualdade de xénero son os eixes desta organización que pon o foco na capacitación de mulleres e mocidade, contribuíndo á xustiza social, sustentabilidade ambiental, respecto pola diversidade e voluntariado.

Mestura desenvolveu dende 2003 unha acción, compromiso e transformación social ascendentes, e continuou o seu labor malia a COVID-19, atendendo regularmente a máis de 500 persoas dunha trintena de países, principalmente, dos continentes latinoamericano e africano. As profesionais que compoñen a equipa técnica decatáronse do cambio importante nos perfís do público que, a partir da pandemia, pasaron de teren carencias puntuais a precisaren un acompañamento sostido, sendo o encarecemento dos prezos da vida cotiá un dos motivos que dificultan o acceso á cobertura das súas necesidades básicas.

Ademais, nestes intres, a saúde mental ocupa unha das liñas estratéxicas da ONG, posto que as familias recién chegadas á comunidade autónoma están a afrontar continuos estresores dende que deciden partir do seu país de orixe, como son a falla de recursos, o propio desprazamento, o proceso de adaptación no destino e a incerteza polo futuro inmediato. Por iso, a entidade viu necesario introducir a psicoloxía de forma interdisciplinar nas diferentes dinámicas de traballo, co obxectivo de actuar sobre as necesidades psicoemocionais das usuarias e usuarios.

O feito migratorio está a mudar de seguido, porque o ser humano está en constante tránsito, sexa por motivos económicos procurando mellores oportunidades, ben por razóns políticas fuxindo de conflitos, persecución e vulneración de dereitos, ou incluso por cuestións adversas como o cambio climático. Neste senso, a comunidade internacional, a través da Axenda 2030, recoñeceu a migración como aspecto fundamental para o desenvolvemento do planeta, polo que se trata dun desafío e emerxencia reais, co 2,3% da poboación mundial vivindo fóra do seu país natal.

Despois de unirse este ano a EAPN Galicia e Plataforma Red Conecta, ONG Mestura abre unha nova etapa poñendo en valor os diferentes proxectos de acollida e información, traballo social, orientación laboral, asesoramento xurídico, atención psicolóxica, soporte ás familias e menores e educación en valores, cunha programación especial espallada no 2024. As actividades presentaranse proximamente e contribuirán no diálogo por unha nova política de migración, dando voz ás persoas migrantes como verdadeiras protagonistas e axentes do cambio.

Entre os programas máis activos, destácase “Paso a paso” e “Neneiras”, abertos en 2015, cubrindo as necesidades da poboación migrante en risco de exclusión e empoderando ás mulleres do rural en situación de vulnerabilidade. Ademais, as actividades financiadas con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF como “Saimi”, “A túa voz”, “Paí” e “Piñ”, ou os espazos “Aula de Babel”, “Xoves Interculturais” e “Mestúrate”, veñen proporcionar á rapazada e maiores benestar emocional, conexións lingüísticas, axudas económicas puntuais, mellora dos procesos de aprendizaxe e fomento da participación.

Neste tempo, máis de 350 voluntarios contribuíron xerar conciencia solidaria cunha política integral que lle valeu á ONG recoñecementos coma a Proposta 2018 de Entidade Exemplo de Boas Prácticas da Unión Europea ou o Premio 2020 á Mellor Entidade de Acción Voluntaria da Xunta de Galicia. En moitos casos, as persoas que comezaron o seu labor desinteresadamente acabaron sendo contratadas posto que, nos seus inicios, Mestura estivo conformada só por unha rede de voluntariado, migrantes de primeira e segunda xeración asentados na contorna prestando as súas competencias profesionais.

Co obxectivo de progresar, potenciar e adaptar o traballo á demanda, o centro vén de profesionalizar a súa área de comunicación coa contratación de dúas persoas a través do Programa de Cooperación da Xunta de Galicia e o Goberno de España. As persoas migrantes interesadas en unirse á ONG Mestura, poden solicitar cita previa a través do 981 66 18 40 ou 604 00 25 19, en horario de 9:00 a 14:30 horas, enviando unha mensaxe a info@ongmestura.es, ou acudindo á sede principal na Avenida de Vilaboa 158, Baixo Esquerda na Corveira (Culleredo).

Joel Cava Barrocal
Comunicación da ONG Mestura
981 66 18 40 – 604 00 25 19
comunicacion@ongmestura.es